




Compostela
Cultura
Artes visuais



MIRAR O SON

Notación gráfica na
música contemporánea

comisariado de Ignacio Barcia
e Iñaki Martínez Antelo

Dentro da beleza soa a auga corrente.

Ballester, Manuel (1985). *El devenir y la apariencia*. Barcelona: Anthropos (P. 43)

En min a emoción é unha imaxe e todo soño unha pintura musicada.

Pessoa, F. (2013). *Libro del desasosiego*. Barcelona: Acantilado (P. 133)

Despois de 1950 aproximadamente, coa aparición dunha música diferente que inventaba diferentes notacións — ou tratábase en realidade de diferentes notacións que creaban unha nova música? — [...]

Feldman, Morton (2012). *Pensamientos verticales*. Buenos Aires: Caja Negra (P. 180)

Entendendo a música contemporánea nun sentido temporal amplo, *Mirar o son* propón, a través dalgúns exemplos significativos de notación musical desde mediados do século pasado ata a actualidade, unha mirada sobre a creación sonora. Mirada nun sentido literal: ver o que soa nuns documentos onde a imaxe visual apunta á unha imaxe sonora como posibilidade, como evocación, como

proposta, como suxestión, como instrución, como estímulo, como rastro... É unha mostra concibida desde a fascinación tanto polas imaxes como polo son, e desde esa postura pensamos que habería que entendela. *Mirar o son* non é unha mostra destinada só a un público especializado ou con coñecementos musicais, senón que ten unha forte intención divulgativa e confórmase dun xeito didáctico.

AUDITORIO DE GALICIA

Todos os días de 10.00 a 14.00 h
e de 16.00 a 19.00 h
Entrada libre e gratuíta

compostelacultura.gal
f @CompostelaCultura
t @CCultura



MIRAR O SON

Amén de todo, o bo de non saber ler música é poder contemplar os pentagramas autografados como se fosen pinturas abstractas. Pódese percibir a musicalidade e o ritmo plástico e imaxinar unha coincidencia co que realmente significa. Barcos no mar parecen as figuras na ríxida ondulación do pentagrama. O ruído na nosa cabeza cala cando comeza a soar a música.

Sagasti, Luis (2017). *Una ofrenda musical*. Buenos Aires: Eterna Cadencia (P. 45)

Aínda que toda notación musical é «gráfica», adóitase utilizar o termo «notación gráfica» para aquela que utiliza recursos visuais (signos, símbolos, esquemas...) non convencionais ou afastados da notación musical tradicional. Espallando esta denominación, nesta mostra recóllense documentos (partituras propiamente ditas ou non) máis ou menos apartados da notación tradicional, nos que se produce unha sorte de solapamento do visual que, nun neoloxismo significativo, se denomina co anglicismo «aural».

Moitos dos documentos expostos, máis aló da súa posible translación sonora, poden considerarse como pura imaxe, podendo ser valorados dun xeito plástico; de feito, atopamos exemplos de obras concibidas non para a súa interpretación musical, senón para resolverse na evocación sonora que puidese provocarnos a súa visión, nunha posible «experiencia sonora». É o caso da denominada «música visual», «música visiva» ou «música imaxinaria». Atopamos

expostos exemplos como a recompilación nomeada «Música Imaxinaria» do compositor norteamericano Tom Johnson ou a publicación do alemán Dieter Schnebel «MO-NO. Musik zum Lesen» («Música para ler»). Nada novo quizais; conta Gardiner que non é estraño que haxa intérpretes de Bach que prefiren partir de facsímiles das súas obras manuscritas que facelo coa «imaxe visual estática e regularizada da partitura impresa»¹. Aínda máis lonxe vai Alejo Carpentier cando sostén que algunhas das pasaxes das súas obras unicamente están escritas para ser lidas, non para ser transmutadas en son senón, en todo caso, para a súa interpretación mental. A analoxía coa palabra escrita pode ser clarificadora deste proceso: lemos un texto e pronunciamos internamente, para nós, as súas palabras. Un texto é una notación sonora que desciframos e interpretamos na súa lectura, que verbalizamos. Incluso unha escritura nunha fala descoñecida suxírenos unha palabra dita, o seu son, a temporalidade do discurso, as súas pausas, os seus silencios, as entoacións.

¹ Gardiner, J. E. (2015). *La música en el castillo del cielo: Un retrato de Johann Sebastian Bach*. Barcelona: Acantilado (P. 221)

AUDITORIO DE GALICIA

Todos os días de 10.00 a 14.00 h
e de 16.00 a 19.00 h
Entrada libre e gratuíta

compostelacultura.gal
f @CompostelaCultura
t @CCultura



MIRAR O SON

Toda lectura dun poema, calquera que sexan os signos nos que estea escrito, consiste en falar e oír cos ollos. Un recitado silencioso que é igualmente unha visión: ao ler, oímos e, ao oír, vemos.

Paz, O. (1991). *El signo y el garabato*. Barcelona: Seix Barral (P. 16)

Nesta exposición móstranse exemplos de partituras non convencionais nas que predomina a súa dimensión visual, ou que, como xa se apuntou, adoptan linguaxes e sistemas de notación non normalizados. Estas partituras responden a necesidades de notación consecuencia de novas formas musicais, de novos procesos compositivos,

das esixencias de notación das formas estendidas de interpretación, da ampliación dos materiais sonoros empregados ou mesmo, en ocasións, do uso da escritura ou a creación visual como ámbito de experimentación compositiva, o uso da notación como acto de experimentación, investigación e creación.

Cando realicei a miña peza de música electrónica Transición no ano 1958, intentei desenvolver un sistema de notación adecuado. Nese momento partín da base de que todos os métodos para o tratamento de sons electroacústicos podían atopar unha correspondencia automática, isto é, inmediata, con métodos fotográficos.

Coa axuda das formas de representación oscilográfica confeccionei unha lista de símbolos básicos: puntos para impulsos electrónicos, liñas onduladas para os sons sinusoidais e liñas rectangulares para as vibracións rectangulares, e tramas reticulares de diferente amplitude para o zunido estático. Os graos de volume estaban indicados mediante escala de grises. Distorsións, filtracións, desmembramentos, superposicións e fraccionamentos dos negativos executáronse no laboratorio fotográfico. Os papeis fotográficos foron arqueados, quebrados, recortados. Debo dicir que con este traballo non puiden ir máis alá do estadio experimental. Se ben non era difícil asegurar as condicións técnicas, a realización desas ideas esixía recursos que eu só non podía conseguir. Xogaba coa idea de anexar o laboratorio fotográfico a un estudio de música electrónica.

Kagel, Mauricio (2011). *Palimpsestos*. Buenos Aires: Caja Negra (P. 126)

Atopamos en moitas ocasións conexións con movementos de creación multidisciplinares, como se dá de forma paradigmática no caso do movemento Fluxus, de Gutai o do grupo ZAJ, onde entraron nunha fértil relación artistas

provenientes das artes plásticas, da música, da escritura experimental e doutras disciplinas. É aquí oportuno lembrar o termo «intermedia», acuñado por Dick Higgins, artista vencellado a Fluxus presente na exposición.

AUDITORIO DE GALICIA

Todos os días de 10.00 a 14.00 h
e de 16.00 a 19.00 h
Entrada libre e gratuíta

compostelacultura.gal
f @CompostelaCultura
t @CCultura



MIRAR O SON

Prefiro pensar no meu traballo como: entre categorías. Entre Tempo e Espazo. Entre pintura e música. Entre a construción da música e a súa superficie.

Feldman, Morton (2012). Pensamientos verticales. Buenos Aires: Caja Negra (P. 114)

A exposición non pretende un percorrido exhaustivo nin antolóxico, senón dar unha mostra variada, con algúns exemplos emblemáticos e ben coñecidos (John Cage, Cathy Berberian, Dick Higgins, Joan La Barbara, Llorenç Barber, Earle Brown, Juan Hidalgo, Tom Johnson, Morton Feldman, Cornillius Cardew, etc.) e outros quizais menos coñecidos ou máis novos. Cunha maior preocupación polo seu carácter aural máis que aurático, a selección de documentos expostos recolle publicacións ás veces bastante accesibles, salvo algúns casos puntuais de edicións xa esgotadas, de impresións *ad hoc* de obras inéditas ou publicadas en formatos dixitais, e de edicións de tiradas limitadas.

Aínda que a mostra non está conformada espacialmente seguindo un patrón moi estrito, máis alá de facilitar a súa visita e procurar a mellor exposición das obras, pódense atopar algúns núcleos conceptuais ou formais máis ou menos evidentes.

Pode apreciarse nalgúns obras como se produce certo desmembramento ou transformación da notación tradicional, como a partitura se «descompón», se fragmenta ou vai mutando (Penderecki, Aperghis, Boucourechliev, etc.)

Hai bastantes obras, como as de Leon Schidlowsky, nas que a palabra escrita, mesmo onomatopeas, utilízase como

recurso compositivo. Aquí hai coincidencias co letrismo, a poesía experimental ou, dereitamente, a escritura experimental de José Luis Castillejo ou, máis recente, a de Kenneth Goldsmith.

Pura literatura son as partituras que consisten en instrucións escritas para producir algunha acción sonora, de autoría tan distante en aparencia como *Aus den sieben Tagen* de Stockhausen, *Event Scores* de Alison Knowles, *Sonic Meditations* de Pauline Oliveros, as pezas de Alvin Lucier, ou *Sculptures Musicales* de John Cage.

Unha serie de obras que dunha ou outra maneira teñen certo carácter obxectual, desde as tarxetas móbiles das *Postal Pieces* de James Tenney ou *Albumblätter* de Daniele Lombardi, ás partituras articuladas da obra *Origamusic* de Wolfgang Heisig.

Atópanse todo tipo de esquemas, sinais gráficos, cartografías máis ou menos intrincadas, de significación evidente ou de interpretación aberta. Neste tipo hai que colocar a obra máis paradigmática da denominada notación gráfica: *Treatise* de Cornelius Cardew, máis de dúascentas páxinas de gráficos e esquemas sen instrución algunha para a súa interpretación.

Hai unha serie de partituras que limpamente parten do visual ou do obxectual para construírse. Explica Murray

AUDITORIO DE GALICIA

Todos os días de 10.00 a 14.00 h
e de 16.00 a 19.00 h
Entrada libre e gratuita

compostelacultura.gal
f @CompostelaCultura
t @CCultura



MIRAR O SON

Schafer que realizou a súa peza vocal *Snowforms* a partir de apuntamentos de neveiros «vistos desde a xanela da miña granxa de Monteagle Valley. Collín eses apuntamentos e tracei un pentagrama sobre eles. As notas da peza xurdiron onde se cruzaban as liñas do bosquejo e o pentagrama. Por suposto, modifiquei os debuxos segundo era necesario, xa que o traballo é principalmente unha peza musical e só secundariamente un conxunto de bosquejos. Imprimín o traballo para que

as formas da neve fosen brancas sobre un fondo azul pálido».

Outras partituras expostas pasarían por obras visuais tanto como musicais, isto ocorre por exemplo coas de Luciano Ori ou *Konstellationen* de Haubenstock- Ramati. E moitas outras (*Música imaxinaria* de Tom Johnson, ou o *Caderno de Yokohama* de Llorenç Barber,...) non teñen máis pretensión que entrar polos ollos e evocar «visións do sonoro».

Na caverna de Platón non só están as sombras dos obxectos que se pasean polo exterior: tamén o eco das voces dos portadores, detalle que se olvida as máis das veces, tendo en conta a présa coa que o propio Platón o deixa a un lado en beneficio exclusivo do esquema visual e luminoso.

Nancy, J-L. (2015). *A la escucha*. Buenos Aires: Amorrortu (P. 47, nota ao pé)

Artistas na exposición

Georges Aperghis | Clara de Asís | Llorenç Barber | Cathy Berberian | André Boucourechliev | Anthony Braxton | Georges Brecht | Earle Brown | Sylvano Bussotti | John Cage | Cornelius Cardew | Eugenio Carmi | José Luis Castillejo | Georges Crumb | Carlos Cruz de Castro | Cozette De Charmoy | Judy Dunaway | Brian Eno | Morton Feldman | Kenneth Goldsmith | Daniel Goode | Barry Guy | Roman Haubenstock-Ramati | Wolfgang Heisig | Juan Hidalgo | Dick Higgins | Toshi Ichianagi | Tom Johnson | Mauricio Kagel | Roland Kayn | Alison Knowles | Catherine Kontz | Joan La Barbara | Helmut Lachenmann | György Ligeti | Anestis Logothetis | Annea Lockwood | Daniele Lombardi | Alvin Lucier | Michelle Agnes Magalhaes | Josep Maria Mestres-Quadreny | Berio Molina | Robert Moran | Raymond Murray Schafer | Pauline Oliveros | Luciano Ori | Eduardo Partida | Krzysztof Penderecki | Steve Reich | Elena Rikova | Leon Schidlowsky | Dieter Schnebel | Yana Shliabanska | Karlheinz Stockhausen | Toru Takemitsu | James Tenney | Christian Wolff | Iannis Xenakis | David Young

AUDITORIO DE GALICIA

Todos os días de 10.00 a 14.00 h
e de 16.00 a 19.00 h
Entrada libre e gratuíta

compostelacultura.gal
f @CompostelaCultura
t @CCultura

